



Resolución R 5/2013 - Publicidade Xestión de Herdanzas

Pleno:

D. Francisco Hernández Rodríguez, presidente

D. Fernando Cachafeiro García, vocal

En Santiago de Compostela, a 1 de outubro de 2013.

O Consello Galego da Competencia (CGC), coa composición arriba expresada e sendo relator D. Fernando Cachafeiro García, ditou a seguinte Resolución no Expediente S 26/2012 iniciado pola Subdirección de Investigación do CGC coa ocasión da denuncia presentada polo Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra contra "*Top Agro Asesoría e Xestoría Técnica*", por supostas prácticas restritivas da competencia, de conformidade coa Lei 15/2007, de 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC).

ANTECEDENTES DE FEITO

1. En data do 23 de novembro de 2012, a Dirección de Investigación da Comisión Nacional da Competencia (CNC) deu traslado á Subdirección de Investigación do CGC do expediente iniciado como consecuencia da denuncia presentada polo Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra contra "*Top Agro Asesoría e Xestoría Técnica*" ao entender que o folleto publicitario da segunda "*constitúe un acto contrario á competencia (actos denigratorios, publicidade enganosa, atribución de competencias exclusivas a outros profesionais, entre outras posibles infraccións)*". O traslado do expediente realizouse no marco do procedemento previsto no art. 2.2. da Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.
2. A información reservada practicada pola Subdirección de Investigación do CGC non permitiu identificar o anunciante. O folleto publicitario inclúe unicamente un teléfono móbil de contacto de "*Top Agro Asesoría e Xestoría Técnica*" no que non se contestan as chamadas.
3. En data do 11 de setembro de 2013, Subdirección de Investigación do CGC adoptou unha proposta de non incoar procedemento sancionador fronte a "*Top Agro Asesoría e Xestoría Técnica*", ao abeiro do disposto nos artigos 49 da LDC e 27 do Regulamento de defensa da competencia (RDC).
4. O Pleno de Consello Galego da Competencia deliberou sobre este asunto na súa reunión do 27 de setembro de 2013.



5. Son interesados, no presente expediente, os seguintes:
- Top Agro Asesoría e Xestoría Técnica
 - Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra
 - Comisión Nacional da Competencia

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: Obxecto da resolución

6. O expediente ten por obxecto analizar se a publicidade de “*Top Agro Asesoría e Xestoría Técnica*” pode constituír un acto de competencia desleal que, por falsear a libre competencia e afectar ao interese público, vulnera o artigo 3 da LDC.

Segundo: Afectación significativa da competencia

7. O art. 3 de la LDC prohíbe os actos de competencia desleal que falsean de xeito significativo a competencia, en prexuízo do interese público. A práctica da Comisión Nacional da Competencia permite examinar primeiro se a conduta investigada é apta para xerar efectos significativos sobre a competencia, de tal maneira que se descartase a súa existencia, evitase a tarefa de indagar a cualificación xurídica da conduta conforme á lexislación de competencia desleal. En efecto, na súa resolución do 11 de marzo de 2008, *TuBillete*, a CNC sostén que: *"estando o Consello de acordo coa Dirección de Investigación en que da denuncia non se desprende que existan indicios dunha afectación significativa á competencia, nin polo tanto, ao interese público relevante en sede do artigo 3 LDC, tampouco procede ningunha análise da conduta denunciada dende a perspectiva do Dereito contra a competencia desleal, que sería estéril para os efectos da prohibición contida no artigo 3 LDC calquera que fose o resultado desa cualificación xurídica"* (FD Unico).
8. A actividade publicitaria obxecto do expediente consistiu nun folleto no que, entre outras circunstancias, a entidade denunciada ofrece asesoramento sobre *"a correcta xestión dunha herdanza"*. Numerosos profesionais participan na xestión da herdanza, como manifesta o propio folleto ao aludir a avogados, notarias, servizos xurídicos de funerarias, sen esquecer que tamén cabe a xestión directa desta polos herdeiros. Cabe concluír, polo tanto, que a entidade Top Agro é sinxelamente un participante máis no mercado, cuxas afirmacións vertidas no marco dunha modesta campaña publicitaria, non son susceptibles de alterar as condicións de competencia entre os profesionais citados.



9. Ao respecto, tampouco pode obviarse o medio empregado para difundir a publicidade pois, como xa indicamos na nosa resolución *Clínica Dental Vigo*, do 27 de setembro de 2011, *"ha de terse en conta que o medio publicitario empregado -o reparto de publicidade a domicilio de folletos- ten un impacto reducido entre os potenciais clientes de servizos de estomatoloxía, pois a difusión deste tipo de campañas limitase a unha área xeográfica determinada e non alcanza ao público en xeral (dentro do mercado relevante) como sucedería, por exemplo, se a campaña se tivese realizado a través da prensa, a radio ou a televisión. Por conseguinte, o Pleno considera que unha campaña publicitaria realizada con tan escasos medios non é susceptible de alterar a percepción xeral dos consumidores sobre o nivel xeral de prezos do mercado e, por ende, non é susceptible de alterar a competencia no mercado"*.
10. En definitiva, a conduta de *"Top Agro Asesoría e Xestoría Técnica"* non é susceptible de afectar de xeito significativo á competencia no mercado de servizos profesionais afectado, de aí que non vulnere a prohibición do art. 3 de la LDC.

En consecuencia, o Consello Galego da Competencia coa composición recollida ao principio, vistos os preceptos citados e os demais de xeneral aplicación,

ACORDA

ÚNICO: Non incoar expediente sancionador e, conseguintemente, archivar as actuacións iniciadas en virtude da denuncia presentada por Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra fronte a *"Top Agro Asesoría e Xestoría Técnica"* por considerar que non existen indicios de infracción da Lei de defensa da competencia.

Comuníquese esta Resolución á Subdirección de Investigación do CGC e notifíquese aos interesados, facéndolles saber que contra esta non cabe recurso ningún en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende a súa notificación.